



* Ruta lineal que percorre ao redor de 7 Km pola serra da Coriscada.

* Dificultade: baixa, xa que vai sempre próxima aos cumios, de tal xeito que o desnivel é mínimo. Pódese completar comodamente nunhas 3 horas.

* Interese: arqueolóxico, paisaxístico, botánico...

* Observacións: ao ser unha ruta lineal haberá que prever a ida/volta aos puntos de comezo/fin. Poderán sernos de axuda os seguintes teléfonos:

Estación F.E.V.E. 981 422 201
Buses ARRIVA 902 277 482
TAXI????

¿ Como chegar ?



Ao cruce de San Pedro: a 3,5 Km de Ortigueira cruzamos a ponte sobre o río Baleo, tomamos a estrada da dereita, e seguimos os sinais cara ao "Parque eólico da Coriscada" ata chegar á chaira onde se atopa o panel de " inicio de ruta".

A Pena Branca: a 15, 5 Km de Ortigueira, xusto antes de entrar no pobo do Barqueiro tomamos a estrada da dereita (dirección Mañón) e seguimos as indicacións cara ao parque eólico.



Seguindo os pasos dos celtas...



Polo Camiño das Serras



ii Estás na túa casa!!

- * Non deixes no contorno o lixo e refugallos que produzas.
- * Coidado co lume. Os incendios causan graves prexuízos no medio ambiente.
- * Respecta as plantas e animais, xa que todos cumpren un importante papel na natureza.
- * Non facer ruído é o mellor xeito de observar fauna en liberdade.
- * E sobre todo, esquece as présas, usa todos os sentidos, presta atención ás pequenas cousas e proba a visitar este espazo en distintas épocas do ano.

Doirne de Pena Branca

Fundación Ortegalia
Avda. Francisco Santiago 6-9 15.330 Ortigueira
Telf. 981 402 413
fundacion@ortegalia.es
www.ortegalia.es

Deseño e fotos: Elisa G. Bande



Seguindo os pasos dos celtas...
polo Camiño das Serras

“Eu ben sei que hai un misterio na nosa terra, máis alá da néboa, máis alá do mar, máis alá da chuvía, máis alá do bosque.”

Luis Pimentel



ORTEGALIA

Polo Camiño das Serras...

... para fotografar a paisaxe, redescubrir a nosa historia, observar á flora e a fauna... Hai unha morea de razóns para percorrer esta ruta polos cumios da serra da Coriscada.

O Clima



O clima nas serras é duro. A elevada humidade, as espesas néboas e os fortes ventos poden incomodar ao camiñante, pero lembra que son estes elementos os que lle dan á nosa terra o seu excepcional ton verde e os aires máxicos de meigas e trasnos.

A Paisaxe



As vistas sobre as rías de Ortigueira- Ladrado e O Barqueiro serán, probablemente, o que máis nos impresione... e tamén a transformación humana da paisaxe xa dende o Neolítico ata chegar aos actuais parques eólicos.

A Flora



Fundamentalmente formada por monte baixo de breixos e toxos con algunhas zonas de arboredos de piñeiros ou bidueiros. Chamarán a nosa atención as pequenas plantas con flor propias das zonas húmidas.

A Fauna



Poderemos ver ao cabalo galego do monte, aves como o miñato ou o lagarteiro, píntegas e ras... atento tamén ás pegadas do xabarín e do raposo.

A Arqueoloxía



Solápanse esta ruta cunha parte do chamado “Camiño dos Arrieiros”, vía de tránsito que une As Pontes coa Estaca de Bares e que foi usada xa dende o Neolítico. Proba disto son as necrópoles tumulares que atoparemos no camiño e que están formadas no seu conxunto por unhas 90 mámoas.